



PLANILLO HOLSTEIN. CASCANTE (NAVARRA)



Andrés Planillo; os seus pais, Teresa e Julián, e os seus fillos, Elsa e Andrés, posan con Curra, a mascota da familia

Época de cambios en Planillo Holstein

Nesta gandería navarra instaláron recentemente dous robots de muxido, agora están ampliando o rabaño e nos vindeiros meses construírán un novo establo para a recría. De todo isto falamos con Andrés Planillo, que desde o principio nos contaxiou o seu entusiasmo polas boas vacas e pola súa profesión.

Localización: Cascante (Navarra)
N.º total de animais: 224
Vacas de produción (en muxido + secas): 122
Empregados: 2
Media de produción: 35,5 litros vaca/día
Porcentaxe de graxa: 3,40 %
Porcentaxe de proteína: 3,15 %
RCS: 200.000 cél./ml
Superficie agrícola: 20 ha
IPP: 425 días
ICO: 2.647 puntos
Cualificación morfolóxica: 84 puntos
Prezo do leite: 320 €/t (prezo base)

A historia recente de Planillo Holstein empeza nos albores dos anos oitenta, cando o Concello de Cascante promove a creación dun polígono gandeiro nos arredores da vila para sacar os animais do centro urbano.

Julián Planillo, pai do actual propietario, aproveitou a construción de novas instalacións para facerse cunha vintena de xovencas seleccio-

nadas xeneticamente, procedentes dunha gandería madrileña. “O meu pai tomou esa decisión e eu creo que acertou, porque ao final non comprou vacas de tratante nin se foi a Dinamarca, que é o que se levaba por aquí, e eu estou orgulloso, porque ao final era xenética española”, afirma Andrés.

Transcorridas case catro décadas, o rabaño de Planillo Holstein segue tendo a súa orixe nesas vinte frisonas, pois a recría estivo sempre na base do seu desenvolvemento.

O establo de produción está dimensionado para 60 animais, pero na actualidade atópanse nunha etapa de crecemento. O día da nosa visita estaban muxindo 103 vacas e o seu obxectivo é chegar ás 120.



No mes de decembro deron o paso ao muxido robotizado

► O ESTABLO DE PRODUCCIÓN ESTÁ DIMENSIONADO PARA 60 ANIMAIS, PERO NA ACTUALIDADE ATÓPANSE NUNHA ETAPA DE CRECEMENTO

Para Andrés a raza é fundamental: “Son amante da vaca frisona e gústame sacar leite, pero que o animal sexa bo, que ti mires a granxa e digas: ‘Mira que vaca!’”. É un dos alicientes que che ofrece o día a día”.

Outro aspecto ao que tamén lle dá moita importancia é a conciliación da vida familiar e laboral, sobre todo desde o nacemento dos seus fillos Elsa e Andrés, aos que tenta dedicarlles o máximo tempo posible. “A miña muller traballa no hospital e vaise cedo, entón organiceime de forma que os empregados fixesen o muxido da mañá para eu poder levar os meus fillos ao colexio e a partir das nove xa empezar os labores aquí”, conta. Esta situación mellorou desde que se pasaron ao muxido robotizado, o que lle permite flexibilizar máis o seu horario.

No ano 2009, Andrés decidiuse a instalar unha pequena pasteurizadora e dúas máquinas expendedoras de leite en Cascante e Zaragoza. Paralelamente empezaron a envasar en *bag in box* e en garrafas de cinco litros para repartir directamente nalgúns restaurantes, en obradoiros de pastelería e na cadea Helados Italianos Fuoli de Zaragoza, dándolle saída a unha parte da materia prima. “Gústame moito cando imos repartir leite ao colexio aos almorzos saudables, implicarme cos cativos é unha cousa agradable... Ao final isto é un oficio bonito e tamén ten os seus beneficios se che gustan os animais”, di.

Andrés conta coa axuda de dous empregados a tempo completo; un ocúpase de todo o relacionado cos animais e o outro reparte o leite, aínda que agora está aprendendo a xestionar o robot e a facer outras tarefas propias da granxa. ►



Schäffer
Alta Calidad Alemana Asegurada!



*** FINANCIACIÓN 0% - 24 MESES**



Westermann
Reifegeräteeinheit
Patentado en Alemania.

El auténtico
arrimado en
espiral, no
compre
imitaciones



* consulte condiciones en su concesionario

Distribución Portugal:
ZjCarrageta Lda – Évora. www.zjcagriparts.pt
Agrovergeira – Pombal. www.agrovergeira.pt

Distribución España:
Formada por
25 puntos de servicio

Avda. Galicia, 109 • 33770 Vegadeo (Asturias) • Tel./Fax: (+34) 985 634 238

Comercial: info@fondrigomaquinaria.com
Recambios-Asistencia: servicio@fondrigomaquinaria.com

www.fondrigomaquinaria.com

Vista xeral do establo de produción



► A. P.: “SON AMANTE DA VACA FRISONA E GÚSTAME SACAR LEITE, PERO QUE O ANIMAL SEXA BO, QUE TI MIRE A GRANXA E DIGAS: MIRA QUE VACA!”



Desde 2012 apostan pola cama fría

SARA, A VACA QUE O CAMBIOU TODO

Planillo September Sara marcou un antes e un despois na traxectoria de Planillo Holstein. No ano 2008 proclamábase en Verona vaca gran campiona do Dairy Show e ao ano seguinte revalidaba o seu título en Montichiari. Desde entón, Andrés e as súas frisonas convertéronse en habituais das competicións morfolóxicas nacionais e internacionais. “Teño que agradecerlles a Víctor Arriero, a Alberto Medina, a Raúl Aja e a Carlos Prat, que foron os que me compraron parte da vaca e os que se encargaron de levala aos concursos”, lembra.

Por mor desas dúas vitorias empezaron a sacarlle embrións, primeiro a ela e logo ás súas fillas, que utilizaron tanto para implantar noutras femias da explotación como para vender, pois daquela “si había mercado de embrións”, manifesta.

INSTALACIÓNS

O establo principal ten estrutura de ferro e teito de chapa. Nel están as vacas en lactación e dous lotes de xatas, que nos vindeiros meses pasarán a outra nave de tipo inverna-doiro que van construír para aloxar as secas e gran parte da recría.

A pesar de que o establo é moi aberto, a calor é un hándicap nos meses de estío e obrígaos a ter ventiladores funcionando todo o día. “A verdade é que cos ventiladores, coa cama fría e que a nave é bastante escura no verán as vacas non están mal, non as ves coa lingua fóra”, afirma Andrés. Aínda así, recoñece que hai épocas en que si notan a baixada de produción e, seguidamente, de fertilidade, por iso está a valorar a posibilidade de instalar aspersores.

As xatas pequenas permanecen noutra nave anexa á de produción, en cuxas paredes colocaron unha capa de illamento térmico para evitar as temperaturas extremas, tanto no verán coma no inverno.

PRIMEIROS MESES COS ROBOTS

Flexibilizar os horarios, depender menos da man de obra e ter máis información dos animais foron os motivos que levaron a Andrés a dar o paso ao muxido robotizado. Asegura que atopar persoas competentes para realizar esta tarefa é moi difícil e que, aínda que as salas tamén proporcionan moitos datos, prefire o robot porque require menos intervención humana.

“Os animais aínda están en período de adaptación, estamos aprendendo todos, pero as sensacións son boas”, di sobre a experiencia dos primeiros meses co novo sistema. Admite que tiveron problemas de saúde con algunha vaca e que hai outras ás que lles custa entrar, pero confía en que as complicacións se minimicen cando pairan todas”.

Na actualidade están producindo uns 35,5 litros vaca/día, cunhas calidades do 3,4 % de graxa e do 3,15 % de proteína. A media de muxidos/día está nos 2,5. ►►



Pacas de alfalfa en rama



Silo de polpa de remolacha



Separador sólido-líquido do xurro

► DISPOÑEN DE 20 HECTÁREAS DE SECAÑO NAS QUE SEMENTAN MAIORMENTE AVEA QUE RECOLLEN EN SECO

APOSTA POLA CAMA FRÍA

A causa dun brote de mamite para o que xa non atopaba solución, no ano 2012 Andrés aventurouse a poñer cama fría. “Empecei á desesperada, pero o cambio foi bestial”, sostén.

O manexo desta cama é moi doado. Desde primeiros de maio ata outubro unicamente pasan o rotovátor dúas veces ao día e o resto do ano, a maiores, botan palla picada para contrarrestar o exceso de humidade. “Cos resultados estamos contentos, porque a vaca está cómoda, está limpa, excepto cando hai unha época de choivas moi longa, que se lles forma unha ‘plastilina’ e están máis sucias do normal”, explica.

O recuento celular ascende a 200.000 cél./ml. Respecto diso, Andrés apunta que tiveron algún *repunte* coa instalación dos robots, pero considera que a situación está “baixo control”. En canto á bacterioloxía, a media do mes de maio foi de 15.000 ufc/ml.

SEPARACIÓN SÓLIDO-LÍQUIDO DO XURRO

Inicialmente, a limpeza dos patios facíana co tractor. “Iso si que era un traballo de todos os días e as vacas non estaban limpas, así que o primeiro que fixen foi poñer a arrobadeira e logo, como vin que se xeraba máis xurro e tiña que estar todas as semanas sacándoo, á parte de incumprir a normativa, optamos

por facer unha balsa de formigón *gunitado* para o líquido e poñer o separador, sen tocar a esterqueira que xa tiña”, relata.

O seu funcionamento é sinxelo. A arrobadeira arrastra as dexeccións ata un extremo da nave, onde teñen a fosa pequena co batedor e a bomba, a cal impulsa o xurro por baixo do chan ata o separador, onde queda a parte sólida. Desde aí, o líquido é conducido a través dunha tubaxe ata a balsa grande, que ten unha capacidade dun millón de litros.

FORRAXES COMPRADAS

Case toda a alimentación a adquiren no mercado. Compran millo e polpa de remolacha, que logo ensilan na explotación, e tamén alfalfa en rama.

Para as vacas en lactación elaboran unha ración *unifeed* composta por 21 kg de silo de millo, 2,5 kg de palla, 2,5 kg de alfalfa, 4 kg de polpa de remolacha ensilada e 7 kg de concentrado.

A maiores fan outras dúas racións diarias, unha para as secas e outra para as xovencas a partir de oito meses. Ambas levan palla, polpa de remolacha e penso, aínda que en diferentes proporcións.

Dispoñen de 20 hectáreas de secaño nas que sementan maiormente aveas para recoller en seco. Se a recolección se fai en condicións favorables e a forraxe é boa, utilízana para os animais de concurso e, se non o é tanto, dánllela ás xatas.

Os traballos de sega e empacado contrátanlles unha empresa externa, xa que Andrés non ten apeiros agrícolas. Unicamente dispón da maquinaria que necesita para o día a día da granxa: o carro *unifeed*, dous tractores, unha pa cargadora, o rotovátor, un espaxeador de esterco e unha cuba que apenas utiliza porque o xurro llelo regala a agricultores da zona. En cambio, ao estar situada nunha zona moi horticola, o esterco está moi cotizado e consegue vender todo o que se xera na explotación.

MANEXO E ALIMENTACIÓN DA RECRÍA

Durante o período de lactancia, as xatas permanecen en casetas individuais, onde tamén lles subministran penso de arranque. Aos dous meses fanlles a desteta, pásanas ao primeiro lote colectivo e introdúcenlles a forraxe seca. Ao redor dos catro empézanlles a dar da mestura das vacas de leite suplementada con máis penso e continúan con palla a discreción. A partir dos cinco danlles só a mestura de femias en lactación e desde os oito aliméntanse coa súa propia ración *unifeed*.

Con esta idade as xatas son trasladadas ao establo de produción. Alí divídense en dous lotes: un de 8 a 12 meses e o outro desde os 12 ata que lles diagnostican a preñez. É aquí onde agora teñen máis problemas de capacidade debido á ampliación do lote de muxido.

Unha vez que lles confirman a xestación, as xovencas xúntanse coas vacas secas nunha finca adxacente na que van construír a nave para a recría. ►►

Lote de secas e xovencas xestantes



DATOS REPRODUTIVOS

Ao atoparse en pleno proceso de crecemento, todas as femias que nacen na explotación quedan nela, pero ata hai pouco a venda de vacas de primeiro parto era algo frecuente.

A media de idade á que lles practican a primeira inseminación ás xovencas é de 14,6 meses e a media de inseminacións por preñez, de 2,25. Comenta Andrés que está un pouco alta debido ao uso de seme sexado e ao implante de embrións. “Utilizamos o sexado para as boas e, as que non o son, se é tempo de poñerlles embrión, poñémoslle e, se non, utilizamos seme convencional”, explica. Nas vacas, onde case sempre empregan o convencional, a media de doses por preñez ascende a 2,65.

Para a detección de celos utilizan os collares de identificación do robot, que miden a actividade das vacas cada dúas horas.

Aínda que xa anteriormente traballaban con podómetros, durante unha tempada optaron por facer sincronización de celos rutineira co protocolo G6G, pero na actualidade, grazas á fiabilidade dos datos que lles proporciona o robot, só a fan en casos concretos de femias que tiveron algún quiste ou calquera outro problema que poida influír na súa fertilidade.

A taxa de fecundidade é do 45,41 % e a porcentaxe de éxito á primeira inseminación, do 30 %. O intervalo entre partos é de 425 días, con 180 DEL. A taxa de reposición é do 25,8 % e a de eliminación, do 18 %.

► A CUALIFICACIÓN MORFOLÓXICA DO RABAÑO É DE 84 PUNTOS, CON OITO FEMIAS EXCELENTES

O implante de embrións é habitual en Planillo Holstein, aínda que agora o teñen algo parado coa transición ao muxido robotizado. “Son embrións da propia granxa. Alberto Medina tróuxome algún para poñer a medias, pero o que fixen eu é todo de aquí”, conta Andrés.

Recentemente estreáronse coa fecundación in vitro, pero o parto foi problemático e non conseguiron salvar a cría. Con todo, Andrés confía nas vantaxes desta técnica e asegura que o seguirán intentando.

XENÉTICA CANADENSE

Acerca da mellora xenética da raza, Andrés reflexiona e di: “Lévannos por tantos sitios que eu estou agora un pouco atordado co que é mellor, pero ao final son fiel ao que sempre pensei, ao que me ensinaron, que unha vaca lonxeva é unha vaca morfoloxicamente boa, correcta creo que é pouco, que produza moito leite e que teña uns trazos de saúde aceptables”.



NOMEADO PRESIDENTE DE AFNA

Andrés asumiu en decembro a presidencia da Asociación Frisona de Navarra (AFNA), unha nova responsabilidade que afronta “con boas expectativas” e “moitas ganas de traballar”. O seu primeiro reto á cabeza do colectivo é tentar achegar os socios entre si, promovendo xornadas de portas abertas para que os gandeiros das distintas zonas da rexión se coñezan e, “xa de paso -di-, ver os diferentes sistemas de produción que teñen”.

Á hora de seleccionar os touros ten en conta os seguintes parámetros: +1.000 en leite, +3 en tipo e que sexan positivos en graxa e proteína. Tamén se fixa, cada vez máis, nos trazos de saúde e, por suposto, nas familias das que proceden. Excepcionalmente, para femias de concurso elíxeos moi “tiperos”, aínda que en contrapartida teñan menos potencial leiteiro. O que si considera fundamental en todos os casos é un bo acoplamento, buscar o semental que mellor se adapta para cada femia.

Andrés decántase polo seme canadense, do que destaca a súa fiabilidade nos trazos morfoloxicos. A maioría son xenómicos, “sempre e cando a súa familia sexa fiable”, matiza.

Seme de carne apenas utiliza e menos agora, que están medrando. “Levo dous anos que xa sabía que ía poñer robot, entón fun deixando máis e máis cantidade, e para non ter fillas de calquera xovenca funlles poñendo embrións que xa tiñamos conxelados”, aclara. ►►

No lote das secas e xovencas preñadas teñen un semental que aproveitan cando unha xovencas perde a xestación. “Cóllecha e sálvache a xovencas, aínda que adoita ser unha porcentaxe moi pequena –di–. Tamén me vén moi ben para preñar vacas que foron doantes de embrións, porque ao final, digan o que digan, en canto empezas a tocar os animais, despois cústalles”, engade.

Teñen 8 femias con cualificación excelente e a media do rabaño ascende a 84 puntos. O ICO é de 2.647.

VENDA DO LEITE

A pesar de que teñen as máquinas expendedoras e venden directamente nalgúns establecementos –arredor duns 2.000 litros á semana–, a maior parte do leite entréganlla a Pascual desde principios dos anos noventa. “A relación coa empresa é boa. Metémonos no Programa de Seguridade Garantida, de ter a granxa relativamente ben dentro das nosas posibilidades e, desta forma, tes a alguén que constantemente che vai dicindo o que tes que facer, como está a normativa... Eu creo que é bo, porque te orientan e che serve para facer as cousas ben”, afirma convencido.

Na actualidade, Pascual estalles pagando o leite a un prezo base de 320 euros a tonelada máis/menos o índice de referencia da INLAC, calidades, dobre A e certificación.

O FUTURO

A súa paixón polas vacas aparta calquera sensación de negatividade da mente de Andrés. Cre que o sector “non está unido”, que “hoxe en día xa non se vende calidade, senón animalismo” e que “altibaixos sempre houbo e os seguirá habendo”, pero aínda así define o seu traballo como un “negocio digno e bonito”.

O propietario de Planillo Holstein é novo e aínda non lle preocupa se haberá traspaso á fronte da explotación, o que non impide que lles inculque aos seus fillos o amor pola gandería e o respecto pola profesión: “O que eu quero transmitirles é que isto é un negocio digno, un negocio bonito. Por iso, tento organizar o traballo de forma que non vexan ter vacas como un problema. Mentres son pequenos, que o vexan como un entretemento e unha diversión, e cando lles toque traballar, que estean a gusto, e se o día de mañá se queren quedar aquí, poder darlles a oportunidade”. ■



Andrés acaricia o semental, Davinci



Furgón frigorífico no que transportan o leite

► O IMPLANTE DE EMBRIÓN É HABITUAL EN PLANILLO HOLSTEIN, AÍNDA QUE AGORA O TEÑEN ALGO PARADO COA TRANSICIÓN AO MUXIDO ROBOTIZADO



OS CONCURSOS, A SÚA GRAN PAIXÓN

Co crecemento que está experimentando a granxa, Andrés anda escaso de espazo para manter separadas do resto ás xatas, xovencas e vacas que quere levar a algún concurso. “Agora, co tema do robot, terei que pensar como facelo, pero a idea é telas separadas porque necesitan unha alimentación distinta”, explica. En canto ao traballo extra que este *hobby* supón, reconece que hai que estar moi pendente delas, pero “ao final falo porque queres”, afirma.

Á súa filla Elsa tamén lle gusta moito domar e manexar os animais, o cal o motiva, aínda máis, a seguir. “Nos concursos coñécense con fillos doutros gandeiros, o cal no futuro lles pode servir. Eu creo que iso é o bonito dos concursos, non é o gañar nin o perder, senón coñecer xente e comparar impresións con outros gandeiros”, conclúe.



Estes son os seus principais logros ata a data:

- **Planillo September Sara**, vaca gran campiona do Dairy Show (Italia) 2008 e 2009 e gran campiona reserva do Concurso Nacional da Raza Frisona Conafe 2009 e 2013
- **Planillo Goldwyn Sarica**, gran campiona de xovencas do Concurso Nacional de Primavera da Raza Frisona Conafe 2010
- **Planillo Adam Samira**, campiona reserva de xovencas da Nuit de la Holstein (Bélxica) 2018
- **Planillo Holstein**, segundo mellor criador e segundo mellor rabaño do Concurso Nacional da Raza Frisona Conafe 2016